Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
dacoruna.gal/intranet/sindicatos/ccoo

UXT E CCOO DESBLOQUEAN A CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL

CCOO E UXT PRESENTAN Á CORPORCIÓN UN REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL AXUSTADO A NORMATIVA E FACTIBLE PRESUPOSTARIAMENTE

UXT E CCOO SOLICITAN A CONVOCATORIA DE MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN PARA APROBAR UN REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL PARA QUE SEXA REALIDADE NESTE MESMO ANO

UXT e CCOO desbloquean a Carreira Profesional Horizontal establecendo conversacións coa Corporación nas que se fixo ver aos técnicos que non existe impedimento legal para a súa implantación. Si anteriormente os técnicos percibían certa inseguridade xurídica a validación parlamentaria do Real Decreto-Ley 6/2023 disipa calquera tipo de dúbida. Por tanto, grazas á colaboración de CCOO e UXT centrada nos aspectos que nos unen sindicalmente, **a Carreira Profesional Horizontal pode e debe ser unha realidade, non só para equiparnos con outras administracións, senón para dar cumprimento ao acordo plenario onde se aprobaba o plan de ordenación de Recursos Humanos e facer efectivo o compromiso con ambos ous dos sindicatos dado polo anterior Deputado de persoal en nome da Corporación que menten a mesma cor política, presidencia e vicepresidencia. Compromiso que, en coherencia, está a manter o actual deputado de persoal.**

Derivado do acordo *por unha administración do século XXI* entre o Goberno central e os sindicatos UXT e CCOO, incluíuse no RDL 6/2023 aprobado o 19 de decembro e validado parlamentariamente o 10 de xaneiro, entre outras cuestións, o desenvolvemento da Carreira Profesional Horizontal, establecendo o seu pago mediante un complemento de carreira. Ao día seguinte ambos os dous sindicatos decidimos unir esforzos e traballar de xeito conxunto para a súa implantación na Deputación do mesmo xeito que o fixemos na Xunta e estamos a facer no Estado. Cabe lembrar que ambos os dous levabamos a súa implantación como unha das principais prioridades nos nosos programas.

Logo de medio ano de diálogo coa Corporación e de traballo conxunto, **CCOO e UXT presentan á Corporación un regulamento de Carreira Profesional axustado a normativa e factible presupostariamente.** Trátase dun regulamento que, en concordancia co Estado e coa Xunta, establece que se acede á carreira nun grado inicial para posteriormente ascender consecutivamente en catro grados (ao primeiro logo de 5 anos de servizo, ao resto acreditando 6 anos máis para cada un, de tal xeito que o persoal a partir de que acumule 23 anos atoparíase no cumio da carreira profesional). O regulamento establece o **sistema extraordinario** onde excepcionalmente se recoñece a antigüidade pasada para que o persoal poida acceder anticipadamente aos distintos grados aínda que por cuestións presupostarias os dereitos económicos asociados sexan unha porcentaxe que se incrementa co tempo. E o **sistema ordinario** que comezará cando finalice o extraordinario. A diferenza da Xunta, o sistema extraordinario permite o **recoñecemento conxunto de todos os grados** aos que teña dereito o persoal, asemade establece un **sistema de aboamento acelerado para o persoal que se atopa preto da idade de xubilación** en recoñecemento dos servizos prestados.

UXT e CCOO solicitan a convocatoria de Mesa Xeral de Negociación para aprobar un regulamento de Carreira Profesional Horizontal para que sexa unha realidade neste mesmo ano. Froito da negociación de ambos os dous sindicatos, os orzamentos do 2024 inclúen unha partida de medio millón de euros para o desenvolvemento da Carreira Profesional, polo que de non implantarse neste ano o persoal da Deputación perdería o dito medio millón de euros. Xa que logo, propoñemos celebrar axiña unha mesa de negociación para aprobar un regulamento de Carreira Profesional Horizontal que posibilite que o pleno da Corporación poida aprobalo inicialmente na sesión de xullo, para que, logo do desenvolvemento dos trámites correspondentes, o persoal poida velo reflectido na súa nómina este mesmo ano.